

7



## Ollos abertos

### Presentámonos

En moitas ocasións da vida necesitamos presentarnos ou que alguén nos presente.

#### ■ ¿Cando nos presentamos?

- Cando vén á casa un familiar ou amigo que non nos coñece.
- Cando empezamos o curso nunha clase nova.
- Cando imos a un campamento, unha convivencia, unhas colonias e ninguén nos coñece.
- Cando vén ao colexio algunha persoa que non tivo relación connosco antes.
- Cando imos de vacacións e nos atopamos con novos amigos.

▶ ¿Sucedeuche isto algunha vez?

▶ ¿Como fixeches?

▶ ¿Que dixeches?



## Mirada penetrante

### Como nos presentamos

Tamén nós temos que presentarnos nalgunhas ocasións.

Ás veces, cando nos presentamos, non sabemos que dicir. E en ocasións, cando nos presentan, din de nós algúns aspectos nos que antes non caeramos.

#### ■ Datos para a presentación

Nunha verdadeira presentación é necesario dicir algúns detalles:

- Como nos chamamos
- Onde vivimos
- Cal é a nosa idade
- Quen forma a nosa familia
- Que estudos facemos

▶ ¿Presentácheste así algunha vez?

▶ Para poder facelo, enche a seguinte ficha.

Nome \_\_\_\_\_

Nacín en \_\_\_\_\_

o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_. Teño \_\_\_\_\_ anos

Vivo en \_\_\_\_\_

Estudo no colexio \_\_\_\_\_

Os meus pais chámanse \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

Os meus irmáns chámanse \_\_\_\_\_

A miña familia fórmana ademais \_\_\_\_\_

## ■ Outros datos fundamentais

Para coñecer de verdade unha persoa, é necesario descubrir algo do seu interior:

- Os nosos gustos e afeccións.
- O que nos gustaría ser ou facer o día de mañá...
- As nosas opinións sobre temas importantes.
- Calidades e sentimentos.

Gústame \_\_\_\_\_

A miña afección preferida é \_\_\_\_\_

O que mellor se me dá é \_\_\_\_\_

A xente di de min que \_\_\_\_\_

Gustaríame ser \_\_\_\_\_

O día de mañá serei \_\_\_\_\_



## Oídos atentos

### “¿Quen dicides que son eu?”

En Nadal recordamos que Xesús vén a este mundo. Para que a xente puidese coñecelo, era necesario que se presentase ou que alguén o presentase. Así o fixeron diversas persoas e así o fixo o mesmo Xesús.



#### ■ 1 ■ Como presentan a Xesús

- O Santo que vai nacer chamarase Fillo de Deus. (Lc 1,35)
- Hoxe nacevos un Salvador, o Mesías, o Señor. (Lc 2,11)
- Este é o meu Fillo, o Amado, o meu Predilecto. (Mt 3,17; Lc 9,35)
- Ti es o Mesías, o Fillo de Deus vivo. (Mt 16,16)
- Este si que é o profeta que había de vir ao mundo. (Xn 6,14)
- Benia ao que vén, coma rei, no nome do Señor. (Lu 19,38)
- Realmente este era Fillo de Deus. (Mt 27,53; Mc 15,39)
- Xesús é o Fillo de Deus. (Feit 9,20)
- Xesús é o Fillo de Deus. (Feit 9,20)
- Xesús é o Mesías. (Feit 18,5)

▶ Escribe polo menos oito nomes ou títulos que lle dán a Xesús:

- 
- 
- 
- 
- 
- 



▶ Estas presentacións merecen ser cridas sempre.

- A presentación que máis me gusta é a que fai \_\_\_\_\_
- ¿Por que?



## 2 ■ Como se presenta Xesús

Ao pobo que lle pregunta se El é o Mesías

■ *Díxenvolo e non credes. As obras que eu fago en nome do meu Pai son o meu aval. (Xn 10,24-25)*

Ao cego de nacemento, curado por El

■ *¿Cres ti no Fillo do Home?. Éche o mesmo que está falando contigo. (Xn 9,35-37)*

Á muller samaritana que lle pregunta polo Mesías que ha de vir

■ *Son eu, o que está falando contigo. (Xn 4,26)*

Ao Sumo Sacerdote Caifás que lle pregunta se El é o Mesías

■ *Dixéchelo ti, son eu. (Mt 26,64)*

A Pilato que quere saber se é o Rei dos xudeus

■ *Ti o dis. (Lu 23,3)*

▶ Subliña as palabras que expresan mellor a forma de presentarse de Xesús. Xesús preséntase con:

claridade medo firmeza covardía seguridade verdade dúbida valentía



## Memoria esperta

### Xesús é o Mesías

Os cristiáns confesamos que Cristo é o Mesías, o Fillo de Deus. A Igrexa transmitiu dende sempre esta gran verdade e nós hoxe acollémola e proclamámola con gozo.

- ¿Para que enviou Deus o seu Fillo ao mundo?
- ¿Quen é Xesús para nós os cristiáns?

- ¿Que significa o nome de "Xesús"?



## Mans activas

### Creemos en Xesús

Xesús preguntou aos seus discípulos: “¿E vós quen dicides que son eu?”  
Hoxe fainos a nós a mesma pregunta.

Nós xa coñecemos a Xesús, xa oímos falar del moitas veces. Por iso cremos nel, adorámolo, amámolo e obedecémolo.

#### 1 Creemos nel



- Dixo Natanael:  
-Ti es o Fillo de Deus, ti es o rei de Israel. (Xn 1,49)

#### 2 Adorámolo



- Os Apóstolos prostráronse ante El dicindo:  
-Realmente es Fillo de Deus.  
(Mat 14,33)

Nós respectámolo, recoñecemos que a El, como a Deus, lle debemos toda honra, veneración e reverencia.

#### 3 Amámolo



- Pedro dixo:  
-Señor, ti coñeces todo, ti sabes que te quero. (Xn 21,17)

#### 4 Obedecémolo



- Simón Pedro dixo:  
-Señor, ¿a quen imos acudir? Ti tés palabras de vida eterna.  
(Xn 6,68)

► ¿Cal das catro actitudes anteriores se expresa nestes tres debuxos?

